



## CARTA DE AMOR



### HISTORIA CON MORALEXA PARA A VIDA REAL

Isto era un pobre paxariño que no medio do inverno, despois de pasar dúas noites nunha rama sen follas dunha árbore, decide á tarde da terceira noite marchar, ou morrerá conxelado de frío, así que se bota a voar. Pero pasa que anoitece antes de que o paxariño encontre un bo lugar para pasar a noite e tan débil está e tanto frío vai que se lle van conxelando as ás e o paxaro cae ao chan, e cando xa está pedindo unha morte rápida, nota algo quente e suave por enriba. Resulta que unha vaca lle botara todo o que antes fora comida no prado (a bos entendedores...) salvándolle a vida ao paxariño, que de tan contento que está por sobrevivir ponse a cantar. Con este chílo do paxaro, un gato que pasaba por alí séntese atraído e achégase a onde estaba aquel, e remexendo no que deixou a vaca, encontra ao paxariño e cómeo.

Moralexas: quen se caga en ti non ten por que ser necesariamente o teu inimigo. Sen embargo, quen te axuda a saír da merda non ten por que ser o teu amigo. E, o máis importante, se estás coa merda ao pescozo, pero feliz, cala o pico.

Alejandro Vázquez Yáñez. Sempre á vosa disposición con prácticos consellos.

P.D. Rogo non me cuspades pola rúa se algún día me vedes. Grazas.

Amor, dedícoche esta carta porque para min es o único bo da miña vida...

Cando eu era unha cativa, que andaba a correr dun lado para outro coas miñas compañeiras, apenas sabiamos que existiamos o un para o outro... Por sorte iso cambiou e o destino fixo que nos xuntáramos, para vivir algo tan fermoso como é o AMOR.

Sen ti, síntome baleira, necesito terte preto de min, tocando os meus beizos, acariciándome, abrazádonos... Sentir que somos unha soa persoa cando estamos xuntos, que as nosas miradas e xestos o digan todo, e nós estando calados. Que nos axudemos mutuamente, sexamos os mellores amigos cuxa amizade nunca se rompa, que vivamos cada instante das nosas vidas coma se fose o derradeiro...

Amor, ti sabes todo o que sinto por ti, e aínda que escriba nun papel en branco, nunca sería capaz de expresar todos os meus sentimentos porque me faltarian palabras que o explicasen.

Por iso só dicirche que "QUÉROTE".

Un saúdo de Anuska Laíño, B2B.